



Almo Concello de
CAMBADOS
(Pontevedra)

BANDO

Fátima Abal Roma, como Alcaldesa-Presidenta do Concello de Cambados, en base ás atribucións que me confire o artigo 21.1.e) da Lei 7/1985, ño 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, en relación co disposto no artigo 84.1.a) do mesmo texto normativo, que establece a posibilidade de intervir a actividade dos cidadáns por parte dos Concellos, é polo que a través do presente BANDO,

FAGO SABER:

Co fin de mellorar a calidade e salubridade da nosa contorna, tanto natural como urbana, para o disfrute de todos os vecinos, a Concellería de Medio Ambiente ven a recordar as obrigacións relacionadas coa tenencia e coidado dos animais de compañía.

Que debo lembrar que segundo a Sentencia do Tribunal Supremo do 16 de decembro de 1987 existe unha superioridade na escala zoolóxica do home sobre os animais. Nembargantes debe existir unha convivencia entre persoas e animais, especialmente os da especie canina, que compaten espazos comúns, polo que os posuidores de animais teñen a obriga entre outras que sinala a lexislación sectorial de recoller os excrementos dos animais cando estes efectúan deposicións.

Que o Decreto 153/1998, do 2 de abril, polo que se aproba o Regulamento que desenrola a Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade establece no artigo 25.h) que **os posuidores dos animais** aos que se refire o decreto estarán obrigados a adoptar as medidas necesarias para impedir que ensucien as vías e espazos públicos de zonas urbanas, **debendo recoller os excrementos que os animais depositen nas beirarrúas, vías e espazos públicos fora dos lugares acotados ao efecto**, tipificándose como **infracción leve** segundo prevé o artigo 20.1) da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección dos animais domésticos e salvaxes en cautividade, a non recollida inmediata dos excrementos evacuados por un animal de compañía na vía pública podendo imponerse por parte do Concello unha **multa pecuniaria de 100,00 a 500,00 euros** tal e como prescribe o artigo 24 da Lei 1/1993, previo expediente incoado ao efecto e previsto no artigo 69 do Decreto 153/1998.

Asimesmo compre indicar que é responsable o posuidor do animal, sen prexuízo da responsabilidade civil subsidiaria do propietario, quen será responsable dos danos, prexuízos e molestias que ocasione ás persoas, animais, cousas, espazos públicos ou ao medio natural en xeral.

Polo exposto prégame a todos os cidadáns para que en aras dunha óptima convivencia e da hixiene pública respecten a normativa sectorial citada.

En Cambados a 19 de maio de 2016.
A ALCALDESA-PRESIDENTA

